

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural
BREOGAN**

O GROVE • Nº 13 - 1º TRIMESTRE 2009
EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN
Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93
e-mail: clubbreogan@telefonica.net

Gala do Deporte

Cabalgata de Reis

**Resultados
de piragüismo**

**Tres empresas
colaboradoras**

**Resumo do
1º trimestre**

Asemblea Xeral

**Terreo do Monte
da Vila**

Escola de Música

Xadrez

Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL



Resumo do primeiro trimestre

Un ano máis está na rúa o noso Boletín Informativo e neste número trece, como case sempre, con retraso.

O poñer cada trimestre nas mans dos nosos socios un novo número do boletín é unha tarefa moi laboriosa e con numerosos inconvintes que atopamos en cada un deles: falla de tempo, retrasos por outros motivos, falla de aportacións, etc.

Pero nesta ocasión o motivo do retraso é outro, pois como se informou aos socios asistentes á Asemblea Xeral e, despois de perder no pasado ano ao patrocinador e unha das dúas empresas colaboradoras coas

que contamos, a Xunta Directiva levaba bastante tempo traballando e xestionando a consecución dun novo patrocinador e de novas empresas colaboradoras, polo que retrasamos a saía deste número, de cara a poder ter boas novas para os socios.

Seguimos buscando un patrocinador, pero xa podemos dar conta de que neste 2009 contamos con tres empresas colaboradoras, como se informa na contraportada. Por iso, aínda que sexa con retraso, xa tes nas túas mans un novo número do noso Boletín Informativo, no que se recolle a actividade da nosa entidade no primeiro trimestre do presente ano.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Dirección Xeral para o Deporte



ta do Deporte, Torneos en Praias, Carreira Popular Festa do Marisco; xunto con outros colectivos, entrega dos Galardóns “Semente” na Cea dos Colectivos do Grove, etc.

No tocante ao tema económico, nun ano que foi moi duro para a nosa entidade pola perda de patrocinios e colaboracións por mor da crise, explicouse que esta situación nos levou a ter que solicitar unha póliza de crédito. O balance final presentou uns gastos de 128.708,25 euros e uns pendentes de pago de 46.692,05 euros. Ao remate do ano púidose endereitar o rumbo e presentar un balance positivo a 31 de decembro, de preto de 2.500 euros.

Asimesmo, presentouse un orzamento para o 2009 por un total de 90.000 euros, que é inferior ao do ano anterior, motivado porque contamos con reducir os gastos ao celebrar varias regatas e Campionatos de España en Verducido (Pontevedra) co que se reducirán os gastos. Pero tamén se presentaron uns ingresos inferiores por mor da perda de patrocinios, aínda que se informou de que a Xunta Directiva estaba traballando duro neste senso e, a día de hoxe podemos dicir que fructificou este traballo, tal e como se da conta neste Boletín.

No punto de rogos e preguntas os socios presentes interesáronse por diferentes cuestións que atinxen á nosa entidade e que foron respostadas polos membros da Xunta Directiva.

Asemblea Xeral

O día 27 de marzo celebrouse a Asemblea Ordinaria correspondente ao ano 2009; tivo como escenario o Pavillón dos Deportes Náuticos e contou cunha asistencia de socios bastante baixa.

No transcurso da mesma deu-se conta das actividades do pasa-

do ano nas diferentes seccións da nosa entidade: escola de música, xadrez e piragüismo ao tempo que se nomearon diversas actividades que se organizaron por Breogán ou se colaborou na organización das mesmas: carroza na Cabalgata de Reis, Simposio “A Muller no Piragüismo”; xunto coa ADM: Fes-



Concello do Grove

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ
E EMERXENCIAS, DEPORTES
E LIMPEZA



Terreo de Monte da Vila

O terreo co que contamos no Monte da Vila volve a ser obxecto de interese, nesta ocasión o interese chega dende o Concello.

Nunha reunión convocada polo Concelleiro de Cultura, entre outras cousas, falouse da necesidade de conseguir un Auditorio para O Grove e das posibles ubicacións que podería ter esta infraestrutura tan importante para a vida cultural e social da vila.

Algunhas das asociacións presentes na reunión apostaban polo espazo que ocupa a Casa da Cultu-

ra, como idóneo para a instalación do Auditorio. E ante a resposta do concelleiro de que o espazo era insuficiente para este inmobile, houbo quen puxo enriba da mesa que co terreo de Breogán se podería ampliar este espazo.

Días máis tarde o Tenente Alcalde, chamou ao noso presidente para expoñerlle o interese do Concello sobre unha parte do noso terreo, para xunto co que ocupa a Casa de Cultura, poder ter espazo suficiente para ubicar o Auditorio. A intención do edil era preguntar se habería inte-

rese por parte de Breogán en negociar sobre o terreo e, de ser así facer logo unha valoración do mesmo para poder intentar chegar a un acordo a través de permuta, pago ou o que se acordase.

O presidente informoulle que días despois tiñamos convocada a Asamblea Xeral de socios e expoñíamoslle esta posibilidade aos socios. Tamén lle explicou que de estar interesada a Asamblea e de haber unha oferta firme, convocariamos unha Asamblea Extraordinaria para estudar o tema e na que decidirían os socios de número que no seu día aboaron a cuota extraordinaria para a compra do terreo. Na Asamblea do 27 de marzo deuse conta desta idea aos socios presentes na mesma, sendo recollida con moito interese polos mesmos e quedando pendentes da presentación da posible oferta.

Esta boa aceptación por parte da Asamblea foi comunicada ao Tenente Alcalde e estamos agardando noticias sobre este asunto.



Deputación Pontevedra



Escola de música

Amador Míguez.

Dir. Escola de Música Breogán

Na escola de música ensinamos a tocar, interpretar e incluso nos metemos na composición un pouquiño a modo de xogo porque xogando coas cousas é a mellor maneira de aprender.

A música...

A música todo o mundo sabe o que é, pero non moitos saben o esforzo e as horas de estudo que hai que empregar para conseguir dominar un pouquiño os nosos dedos, o noso corpo, e dominar tamén un instrumento pero ese esforzo ten recompensa.

A primavera aféctanos a todos, en todos os sentidos. Isto notouse nas matriculacións deste mes, dando así un balance moi positivo á escola en canto ao xogo de posibilidades para facer música por grupos, ou sexa, reunir a varios alumnos para tocar unha obra ou canción, pois isto é un dos pilares da aprendizaxe: poder tocar música conxuntamente con outros alumnos. Iso falando nun prazo medio de un a dous anos pois os comezos, son lentos, pero sempre avanzando un pouquiño de cada vez, é como conseguimos chegar lonxe.

Penso que abarcar todas as gamas da música clásica, como música moderna, tamén é un aliciente, pois non nos enganemos, non a todos lle gusta a música clásica, pode haber algunhas obras que son comúns a

todos, por citar algunha, como pode ser “Para Elisa”, pero os xóvenes de hoxe en día escoitan outra clase de música que non é a clásica, aínda que a música de agora naceu da clásica, pouco se lle parece e, se poden comenetrar as dúas sen problemas.

Na escola de música Breogán esforzámonos para darlles aos alumnos coñecementos necesarios para interpretar calquera obra ou canción con partitura, ou sen ela, como tamén coñecementos de harmonía e improvisación, como para poder crear unha

nova canción poñendo así o grado de compositor que cada un leva dentro. E isto tamén parece gustarlle aos alumnos, pois o de crear é algo que acollen con moi bo pé. Creando apréndese e aplícanse todos os coñecementos musicais dispoñibles para o alumno nese instante.

Todo isto é o que propoñemos na Escola de Música Breogán, para que o alumno teña a mellor preparación posible, e a aprendizaxe sexa máis amena. Isto conséguese nun curto prazo se non, como está dito anteriormente a medio prazo, pero non esquezamos que o alumno co seu esforzo, ten a última palabra.



HABITAT

Decoración

Pablo Iglesias, 40 • Telf. 986 73 32 03
36980 O GROVE





Xadrez

O equipo de xadrez vén realizando unha actividade importante dende principio de ano coas competicións ligueiras; e outras xa veñen dende o inicio do curso escolar, como é o funcionamento da Escola de Xadrez.

A Escola de Xadrez, este curso vén traballando en instalacións do Rosalía de Castro, turnándose nas clases algúns dos máis destacados xogadores do primeiro equipo. A asistencia ás clases aumentou con respecto a edicións anteriores o que augura un bo futuro deste histórico equipo da nosa entidade.

Na competición ligueira temos participando dous equipos: Breogán "A" e Breogán "B".

O Breogán "A" participa no Grupo "B" de Primeira División xunto cos seguintes equipos: Círculo de

Narón, Infortui "A", Peña Recreativa, Karpov Amateur, Alekhine, Bueu "A", Fisher "A", Casa da Xuventude, Xadrez Ourense, Celanova "A", Xadrez Ponteareas "A", Universidade de Vigo e Universitario Ourense "A".

Resultados obtidos no primeiro trimestre do ano:

Breogán "A" – Peña Recreativa (2,5-1,5)
 Alekhine – Breogán "A" (2,5-1,5)
 Breogán "A" – Celanova "A" (3,5-0,5)
 Bueu "A" – Breogán "A" (2-2)
 Breogán "A" – Xadrez Ourense (1-3)
 X. Ponteareas "A" – Breogán "A" (1-3)
 Breogán "A" – Casa da Xuventude (1,5-2,5)
 Fisher "A" – Breogán "A" (2,5-1,5)
 Breogán "A" – U. Ourense "A" (3,5-0,5)
 Karpov Amateur – Breogán "A" (2-2)
 Breogán "A" – U. de Vigo (0,5-3,5)

Restaurante - Taberna
A TRAÍÑA



Beiramar, 54 O GROVE • Telf. 986 73 15 92



Forman este equipo os xogadores habituais que veñen xogando e mantendo o equipo dende hai anos, aos que se lle uneu algunha incorporación.

Esta competición dispútase a unha soa rolda, xogando as partidas do Grove no local de "Vinilo" e disputando esta competición coa intención de facer unha boa actuación, pero sen buscar o ascenso.

Pola súa banda o Breogán "B" participa na Cuarta División no Grupo "B" Pontevedra Norte. Forman parte deste equipo os rapaces e rapazas da Escola de Xadrez, algún dos cales xa amosa boas maneiras para este deporte.

Esta competición xógase a dúas voltas (ida e volta), xogándose as partidas disputadas no Grove no Pavillón de Deportes Náuticos. E os equipos que forman este grupo, xunto co Breogán "B", son: CXF Pereira, CXF Caixa-

galicia, CXF Porto de Vilgarcía, Portas Xadrez e Karpov Benjamín.

Resultados do primeiro trimestre:

Breogán "B" – Portas Xadrez (0-8)
 CXF Pereira – Breogán "B" (8-0)
 Breogán "B" – CXF Porto Vilagarcía (6,5-1,5)
 Breogán "B" – CXF Caixagalicia (1,5-6,5)
 Karpov Benjamín – Breogán "B" (2-6)
 Portas Xadrez – Breogán "B" (8-0)
 Breogán "B" – CXF Pereira (5-3)
 CXF Porto Vilagarcía – Breogán "B" (4-4)
 CXF Caixagalicia – Breogán "B" (6,5-1,5)

✶ "la Caixa"



Gala do deporte

Un ano máis tivo lugar a Gala do Deporte do Grove, que nesta ocasión alcanzou a súa quinta edición e tivo lugar no Pavillón de Congresos da Toxa o pasado día 22 de marzo.

Entre os finalistas, en case que todas as modalidades, houbo representación do CMDC Breogán. Logo á hora de dar os premios, como sempre que hai un xurado, as decisións pódense compartir máis ou menos, pero os galardoados foron os que foron.

De entre estes finalistas, dous dos nosos representantes foron galardoados

como os mellores do ano na súa modalidade: A. Cristian Ribademar Outeda, como Mellor Deportista Masculino Amateur e, Tania E. Álvarez Yates, como Mellor Promesa Masculina.

Tamén participou a nosa entidade noutros dous galardóns xa que a Asociación do Deporte Meco foi galardoada en dous apartados: "Mención ao Equipo Directivo" e "Mellor Evento Deportivo" e xa que o CMDC Breogán é un dos compoñentes desta asociación de clubs que creamos no Grove para a loita pola mellora do deporte base.





Cabalgata de Reis

Un ano máis, e xa van tres, o CMDC Breogán estivo presente nun dos eventos que máis persoas saca á rúa ao longo do ano na nosa vila: a Cabalgata de Reis.

Breogán volveu a participar neste evento que enche

de ledicia a pequenos e non tan pequenos, coa confección e participación dunha carroza. Nesta ocasión os motivos cos que se decorou a carroza foron os dos debuxos animados de “Pocoyo” e os seus amigos que o acompañan nesta serie televisiva; buscando

desta forma que gustase os máis cativos, cousa que coidamos que se acadou.

A confección da carroza correu a cargo de membros da Xunta Directiva, os que quedaron moi satisfeitos co traballo desenvolvido. O vindeiro ano, agardamos que nos atopemos con ánimos e tempo para estar de novo presentes neste vistoso evento.

<http://www.aselec.eu>
e-mail: aselec@aselec.eu



aselec
electricidade

Rúa Rioxa 1, baixo
36980 O Grove
PONTEVEDRA
www.aselec.eu





Resultados Piragüismo

A temporada 2009 iniciábase con bastantes incógnitas e varias baixas importantes. A baixa máis destacada foi a de Fredi Bea, quen deixou de remar, logo Tono Campos e Jose M. Sánchez tiveron unha oferta económica e ficharon por Zamora; Xosé Vales voltou ao seu clube de procedencia e, varios palistas que viñan do equipo de promoción quedáronse polo camiño. Por iso, presentábase con dúbidas esta nova temporada pero a seriedade no traballo e na formación do equipo que aportou o novo adestrador, David Mascato, sumado á calidade

dos nosos palistas, están dando como resultado que as actuacións do equipo neste primeiro trimestre sexan moi esperanzadores para o resto da temporada e, agardamos que se produzan importantes alegrías ao longo do ano.

Dentro do equipo que temos para a temporada 2009 podemos destacar os seguintes deportistas:

-Rodrigo Germade, concentrado co equipo nacional sub-23 na Residencia Blume de Madrid.

-Cristian Ribademar, Damián Ramos e Álvaro Bravo, adestrando co equipo galego do "Proxecto 2012".

-Jacobó Domínguez e Adrián Domínguez, concentrados no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, co equipo de canoas xuvenís.

-Lara Díaz e Tania Álvarez concentradas no Centro Galego Tecnificación Deportiva, co equipo de mulleres cadete.

Control de Auga de Inverno

Inciouse a temporada coa disputa do XXIV Control de Auga de Inverno e nesta primeira toma de contacto, a pesar de ter algunha baixa, obtívose un quinto posto por clubes. Celebrouse esta regata en Castrelo



R./ País Vasco, 5 - Bajo • 36980 O GROVE (Pontevedra)
Tef. 986 732 195 - Fax 986 735 027
E-mail: construcciones@riasbaixasnet.com

de Miño o 21 de febreiro.

Tamén queremos destacar a actuación das mulleres cadete: Lara Díaz e Tania Álvarez ocuparon a primeira e segunda posición.

Pola súa banda, Jacobo Domínguez impoñía a súa calidade nas canoas xuvenís mentras que dentro do bo facer das nosas canoas senior, Cristian Ribademar ocupou a terceira posición. Meritoria tamén foi a cuarta posición do kaiakistas senior, Álvaro Bravo.

Campionato Galego de Inverno

De novo con Castrelo de Miño como escenario, o 7 de marzo tivo lugar o XXV Campionato Galego de Inverno. O equipo ascendeu un posto con respecto da regata anterior, ocupando a cuarta posición.

A nivel individual, as mulleres cadetes Lara Díaz foi primeira e, Tania Álvarez, sexta. Jacobo Domínguez adxudicábase o campionato nas canoas xuvenís onde Adrián Domínguez acadou a quinta posición. As canoas senior volveron a ter unha boa actuación, destacando o terceiro posto de Damián Ramos e o cuarto de David Mascato. Pola súa banda, o kaiakista senior Rodrigo Germade, acabou en cuarta posición.

Campionato de España de Inverno

Os días 21 e 22 de marzo Sevilla acolleu o XL Campionato de España de Inverno, no cal o Breogán acadou o quinto posto por clubes.

A nivel individual, gran regata de Cristian Ribademar que acaou o subcampionato na C-1 senior, mentras que David Mascato era sexto. Lara Díaz era terceira en K-1 muller cadete e Tania Álvarez oitava na mesma categoría. Jacobo Domínguez acadaba o Campionato de C-1 xuvenil e Adrián Domínguez era sexto na mesma categoría.

1ª Competición de Promoción

No primeiro trimestre do ano,

tamén tivo lugar a 1ª Competición da XIV Copa Galega de Promoción, que se celebrou en Pontevedra o día 14 de marzo. Nesta primeira regata dos deportistas da categoría infantil acadouse o sexto posto por clubes.

A nivel individual pódese destacar os postos de Sara Bravo, cuarta en muller infantil "B"; Manuel Vieira, cuarto en infantil "B"; Bryan Fernández, sexto en canoa infantil "A" dereitos e, Manuel García, terceiro en canoa infantil "A" zurdo.



ARAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •
Asesoría Laboral •
Sociedades •
Administración de Fincas •
Mediador de Seguros Colexiado •
Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



Tres empresas colaboradoras

O pasado ano iniciabamos a temporada cunha empresa patrocinadora e dúas empresas colaboradoras; co paso dos meses, e co efecto da crise, ao final da temporada só nos quedaba unha das empresas colaboradoras, o ACQUARIUMGALICIA.

Para esta temporada 2009, a Xunta Directiva estivo petando en moitas portas para poder acadar o apoio de novas empresas que nos axuden a manter a actividade nunhas condicións dignas para os nosos deportistas e asociados.

Seguimos a buscar un patrocinador, pero grazas ao traballo desenrolado ata o momento podemos dar conta de que: xa contamos co apoio de tres empresas colaboradoras.



SEGEM

Segem é unha empresa que se adica á Xestión Integral de Praias e Litoral, pertencente ao Grupo Botamavi de Vigo, e será un dos novos logos que nos acompañará ao longo desta temporada.



ACQUARIUMGALICIA

Un ano máis, e xa van tres, o AquariumGalicia colabora con nós como empresa colaboradora do noso equipo de piragüismo, polo cal só lle podemos agradecer o seu apoio e a confianza depositada nos nosos deportistas.



OBRAS Y CONTRATAS RIAS BAIXAS

Outra empresa local que aposta polo noso equipo, e que é de sobra coñecida por todos. Noutras ocasións tivo colaboracións puntuais con nós, pero agora dá un paso adiante e será outra das publicidades que nos fará compañía durante todo o ano.

